

Estatística de construción de edificios. Decembro 2006

COMUNICADO

En 2006 a variación neta do parque de vivendas foi de 41.071, o que supón un crecemento do 14,1% con respecto á variación rexistrada en 2005

En decembro de 2006 a variación neta do parque de vivendas foi de 4.676 unidades, un 27,8% con respecto a decembro de 2005.

A variación neta do parque de vivendas en decembro de 2006 foi de 4.676 vivendas, supoñendo un crecemento do 27,8% fronte ao rexistrado en decembro de 2005. No que vai de ano prodúcese un crecemento do 14,1%.

En decembro de 2006, e respecto aos valores acadados no mesmo mes do ano anterior, o aumento da variación neta do parque de vivendas débese ao comportamento das vivendas a crear en nova planta (creceron un 28,6%) e ao descenso das vivendas a demoler (-2,3%). As vivendas a crear en rehabilitación descenderon un 46,3%.

Estatística de construción de edificios. Decembro 2006.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Superficie total. Nova planta. (miles de m ²)	766	4,8%	3,0%
Variación neta parque de vivendas (número)	4.676	27,8%	14,1%
Vivendas a crear			
Vivendas a crear en nova planta	4.719	28,6%	14,1%
Vivendas a crear en rehabilitación	42	-46,2%	-9,5%
Vivendas a demoler	85	-2,3%	-8,8%
Datos corrixidos de efecto calendario			
Superficie total. Nova planta. (miles de m ²)	803	9,3%	3,3%
Vivendas a crear en nova planta	4.937	33,8%	14,5%


Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estatística de construción de edificios

A superficie total da edificación de nova planta aumentou un 4,8% en decembro de 2006 con respecto ao mesmo mes do ano anterior.

En decembro de 2006 a superficie total a edificar presenta unha taxa de variación interanual do 4,8%. Este comportamento débese tanto ao aumento da superficie destinada a vivenda, que creceu un 2,8% como ao forte crecemento da superficie de edificación non residencial.

Corrixida de efecto calendario a taxa de variación interanual da superficie total é dun 9,3%. No que vai de ano a superficie total de nova planta creceu un 3,0% con respecto ao mesmo período do ano anterior, taxa que se converte nun 3,3% en termos de datos corrixidos de efecto calendario.

No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual da superficie total de edificios de nova planta dende 1996.



Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estadística de construción de edificios

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>